

IOANNA KARISTIANI

# Pequena Inglaterra

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

Talvez fose o fedor, coa humidade o trigo podrece e os estibadores fan o parvo durante a carga, ou talvez fose a carne adobada; o conto é que a ardentía apreixara a Savvas Saltaferos, pero non ía deixar só a Nikiforos na bodega, así que chamou polo seu afillado e mais por Stelios, ambos de fortes ombros e músculos, collédeo por aí, que o imos levar á proa, é cousa de dez minutos.

Co cigarro na man, protexéndose do resío cun chuvasqueiro, pasou a noite a carón do cadaleito.

Sucaban as augas, o Atlántico en silencio.

Tiraba as cabichas ao mar, dálle unha chupadela ti tamén, anda, remuíño sen fin, como ían conseguir aportar a tempo, logo dunha travesía de tres días coas súas noites dende Caripito a Paramaribo, e con Nikiforos finado por unha caste de broncopneumonía.

Albaialde na boca por culpa dos cigarros, unha porcallada peruana, dous paquetes fumara Saltaferos, na alborada depositou os cartóns sobre as pernas do cadáver, quedábanlle aínda catro, foi ao seu camarote e deixou que o radiotelegrafista fitase o amencer unha derradeira vez el só, sós estamos todos nesta vida, pensaba o capitán, Nikiforos defunto e os demais vivos, vivos, en Paramaribo, e con pasta abonda; tocante a aquela ríspeta, quince anos poñéndolle mala cara e agora, como a vida non se vive dúas veces, ha papar os cartos da pensión até que

o cu se lle faga o dobre de grande, mentres Nikiforos, o incansable, o de corazón de ouro, o excelente mariñeiro, o máis cotizado operador de radio da compañía, a quen as mulleres dos portos, malia o seu alento a allo, lle ofrecían un canivete de balde, chegara, aos seus corenta e un anos, á fin do camiño.

Tres anos antes, no 26, a Saltaferos chegáralle de Andros un sobre cunha fotografía dentro, Mina e as rapazas, Orsa e Moscha, na ancha escaleira que sobe até a igrexa de Nosa Señora de Tinos, e pola volta unhas poucas palabras, simples e secas, cómpreche aturar as dificultades pensando no porvir de Orsalia e Moscha, e a Virxe non se laia da túa ausencia.

Daquela facían a travesía Adén-Bombai, salitre, o Índico enrabechou de súpeto, o *Theomitor* comezou a bambea, catro días coas súas noites negociando con Caronte, os homes xa dados por desaparecidos, vinte e dous homes dados por desaparecidos, e cando, por un intre, a furia acalmou e deron nivelado o buque, o capitán eslumeceu por botar fóra do peito o seu segredo. Máis da metade da tripulación era do país, pero Saltaferos mantivera as distancias a bordo, para non crebar a disciplina. Por iso non era quen de atopar o xeito, o valor de dicirlle ao cociñeiro, que tiña unha historia semellante en Chile, anda, veña, Christakis, fame dous ovos fritos, e mentres mollaba pan na xema, contarllo todo, alguén tiña que sabelo, por se acaso, aínda que fose Christakis, un bo home que, para non se confundir, o moi canalla e, por riba, sentimental, chamáralles ás chilenas de Valparaíso, nai e fillas, Froso, Tasoula e Vangelio, cos mesmos nomes ca ás outras, alá no Exeo.

Outro amor, iso só llo podía confesar a Nikiforos, tiñan algo maternal os seus ollos, acastañados e correntes,

